EXPEDIENTE Nº 25.694.- R. B. R., reparación fachada lateral en Rúa Gondomar, nº 11-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.696.- PROMOCIONES GARCOCA, S.L., colocación de pavimento en planta baixa na Avda. Félix Ozámiz, nº 13-Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.750.- A. M. F. G., cafetería-despacho panadaría e bolería na Avda. de Bueu, nº 4-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.752.- "MADALENA, S.C.", comercio de venda de xeados na Avda. de Ourense, nº 80-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.867.- M. A. M. B., comercio para venda polo miúdo de téxtil en Rúa do Hío, nº 14-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.869.- D. R. B., venda de produtos de alimentación en Eirado do Costal, nº 13-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.877.- "CERRAJEROS MORRAZO, S.L.", cerraxería en Rúa San José, nº 17-Cangas.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 6/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 1.10.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 6/2015-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 6/2015

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Gandón-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha edificación de aproximadamente 70 m²., de planta baixa.

Resultando que o día 6 de xullo de 2015 a Xunta de Goberno Local, concede CP nº 24342 para legalizar as referidas obras.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, J. H. H., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02; indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora

aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados/as, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, e os efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados/as que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados/as, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 6/2015-S.

5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DE "SUBMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA DO CONCELLO DE CANGAS"

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 16.10.15, referente a adxudicación da obra de "SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DO CONCELLO DE CANGAS", que é como segue:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O CONCELLO DE CANGAS

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de subministración de enerxía eléctrica para o Concello de Cangas.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación do lote nº 2 a favor da mercantil 'AURA ENERXÍA, S.L.', con CIF nº B65552432.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu (entrada nº 11944 do día 16.09.2015) relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de SEIS MIL CINCOCENTOS DEZAOITO EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (6.518,43 €) en forma aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'AURA ENERXÍA, S.L.', con CIF nº B65552432, o lote nº 2 do contrato de subministración de enerxía eléctrica por importe estimado de CENTO TRINTA MIL TRESCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (130.368,38 €), segundo os prezos expresados na súa oferta económica e coas melloras indicadas nesta. O valor real do contrato dependerá da enerxía eléctrica efectivamente subministrada segundo as especificacións da súa oferta.

Segundo.- Notificar a 'AURA ENERGÍA, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Terceiro.- Nomear ao empregado municipal, A. S. M., como responsable deste contrato para os efectos de supervisar o cumprimento deste.

Cuarto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como, ao responsable do contrato, A. S. M."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente á adxudicación da obra de "SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DO CONCELLO DE CANGAS".

6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DO CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 15.10.15, referente á adxudicación de contrato de servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta do Concello de Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de 'SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DO CONCELLO DE CANGAS'

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor das empresas 'SOOM MANAGEMENT,S.L.', con CIF nº B70350111 e 'ESPROADE, S.L.', con CIF nº B15664816, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa, empresas que se comprometen a constituírse en UTE no momento en que se lles adxudique o contrato.

Visto que os licitadores achegaron en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa ao cumprimento dos requisitos relacionados na cláusula 18.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, e que constituíron garantía definitiva por importe de CINCO MIL DOUSCENTROS TRINTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (5.232,50€), en forma aval bancario prestado pola entidade financeira BANCO

PASTOR (nº de rexistro especial de avais 8195-01307), depositado na tesourería municipal o día 15.10.2015 por 'SOOM MANANGEMENT, S.L.', e por importe de DOUS MIL DOUSCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (2.242,50€) en forma aval bancario prestado pola entidade financeira 'AFIGAL' (nº 47.333), depositado na tesourería municipal o día 15.10.2015 por 'ESPROADE, S.L.' (rexistro de entrada nº 13.277 do día 15.10.2015, 'ESPROADE, S.L.', e rexistro entrada nº 13.278 do día 15.10.2015, 'SOOM MANAGEMENT, S.L.').

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'SOOM MANAGEMENT,S.L.', con CIF nº B70350111, e á empresa 'ESPROADE, S.L.', con CIF nº B15664816, o contrato de 'SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DO CONCELLO DE CANGAS', por importe de CENTO OITENTA MIL OITOCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS (180.895,00 €) (21% de IVE incluído) por unha duración de dez meses susceptible dunha prórroga por idéntico período de tempo, de acordo coa oferta presentada coas seguintes melloras:

a) melloras ofertas sen custo adicional; material para actividades dirixidas en sala por valor de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €), material didáctico e de ensino en vaso por valor de MIL EUROS (1.000,00 €), material de adestramento vaso piscina por valor de MIL EUROS (1.000,00 €), equipamento musical sala e vaso (equipo de música de sala e vaso e altavoces), equipamento de spinning; material por valor de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €).

b) ampliación da póliza do seguro de responsabilidade civil en CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00 €).

Esta empresas deberán presentar no rexistro do Concello a escritura de constitución da UTE para os efectos de poder formalizar o contrato.

Segundo.- Notificar ás empresas a adxudicación do contrato, debendo aportar a escritura de constitución da UTE para os efectos de poder formalizar o contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Notificar igualmente este acordo a todos os licitadores e publicalo no perfil do contratante.

Terceiro.- Nomear ao empregado municipal, J. R. R. A., como responsable deste contrato para os efectos de supervisar o cumprimento deste.

Cuarto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente á adjudicación de contrato de servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta do Concello de Cangas.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.10.15 , relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a M. B. B., co expediente nº: 33008/02/000719, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concorrència e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*
- Custo do servizo: DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (259,38 €).*
- Achega económica da persoa usuaria: 0 €/mes.*
- Número de horas: 20 horas.*
- Data prevista de alta no SAF: outubro de 2015."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

PERSOAL

8º.- COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN REGULAMENTARIA DE PERSOAL MUNICIPAL

Dáse conta do escrito presentado o día 9.10.15 por C. C. X., no que comunica que é funcionario do Concello de Cangas, e por dar por finalizada o día 3 de xaneiro de 2016 a súa vida laboral, solicita se lle tramite a xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a C. C. X., por xubilación regulamentaria, o cesamento definitivo como funcionario do Concello de Cangas, a partir do día 3.1.16 e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SUSPENSIÓN DO MERCADIÑO MUNICIPAL POR MEDIDAS DE SEGURIDADE

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 16.10.15, referente a suspensión do mercadiño municipal do día 16.10.15, que é como segue:

"RESOLUCIÓN

Vistos as dilixencias da Garda Civil do día de hoxe 16/10/2015 e da Policía Local nº 1717/15, que aconsellan, por motivos de manter a orde pública e como medida preventiva de seguridade, a suspensión e levantamento do mercado ambulante do día de hoxe 16/10/2015 e a cancelación do do vindeiro venres día 23/10/2015.

*Esta Alcaldía en uso das facultades que ten conferidas pola vixente lexislación:
RESOLVE:*

Primeiro.- A suspensión e o levantamento do mercado ambulante de Cangas do día de hoxe 16-10-2015, a partir da recepción da presente notificación.

Segundo.- A cancelación do mercado do vindeiro venres día 23-10-2015, sen prexuízo de que esta cancelación poida ser levantada posteriormente de permitilo as condicións de seguridade durante os vindeiros días.

Terceiro.- Adoptar as medidas precisas para compensar aos vendedores pola suspensión e cancelación adoptadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución xunto cos recursos procedentes aos vendedores, conserxes e policía."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da resolución da Alcaldía transcrita anteriormente.

B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN

Visto o informe emitido o día 15.10.15 pola Policía Local, no que se indica a necesidade de colocación dun espello, segundo o informe que se transcribe de seguido:

"Nº REX: 1709/2015

ASUNTO: COLOCACIÓN DE UN ESPELLO NO CRUCE DE FRANCÓN-MENDUIÑA

A Xefatura da Policía Local por medio do presente informe fai constar:

Que no cruce de Francón coa baixada a Mendiña se precisa de un espello para facilitar a manobra dos vehículos que se incorporan á vía de Mendiña ao tratarse dunha subida moi pronunciada tendo que meter o coche para poder saír, e evitar na medida do posible que ocorra algún sinistro."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

C) SOLICITUDE DE J. S. G. S/TRANSMISIÓN DE POSTO DE VENDA NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

Visto o escrito presentado o día 8.10.15 por J. S. G., no que demanda a transmisión do posto nº 7 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal, e que é como segue:

"Que tendo presentado o día 13.09.15 (R.E. 10659) solicitude de transmisión do posto nº 7 de venda de peixe na Praza de Abastos do que son concesionaria para M. D. R. C., con D.N.I. nº 78 735 152-B.

Tendo en conta que o posto está sen utilizar desde setembro do ano pasado por atoparme de baixa de enfermidade ata o día de hoxe que me atopo en situación de pensionsita por invalidez, e do que din conta a este concello.

Visto que a día de hoxe non tiven resolución da referida solicitude por parte do Concello e que se me están a pasar os recibos de pago do referido posto (setembro, outubro).

E polo que,

SOLICITO:

1º. - Se resolva canto antes a solicitude de transmisión presentada polo grave dano que me supón o pagamento de recibos mensuais que se están a emitir ao meu nome, sen ter utilizado o posto despois de un ano.

2º.- Que se me exima do pagamento dos recibos emitidos a partir do mes de agosto data na que presentei a solicitude de transmisión do posto, por ser a situación allea á miña persoa, e por ser responsabilidade do concello a tramitación da solicitude presentada."

Visto que, segundo o informe emitido polo conserxe da praza de abastos municipal, o posto núm. 7 de venda de peixe non está en bo estado de conservación, presentando danos, o cal supón o incumprimento da obriga establecida no artigo 36.5 do Regulamento do mercado municipal de abastos de Cangas (BOP núm. 156 de data 16.08.2005).

Visto así mesmo que non consta acreditado no expediente que a relación de M^a Dolores Rial Chapela coa transmitente do posto estea dentro dos supostos que permite o artigo 31.3 do Regulamento do mercado municipal de abastos de Cangas (BOP núm. 156 de data 16.08.2005).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Requirir a J. S. G. para que acredite que se dan algunha das circunstancias indicadas no artigo 31.3 do Regulamento do mercado municipal de abastos de Cangas que xustifican a transmisión intervivos do posto nº 7 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal, a favor de M. D. R. C.

SEGUNDO.- Requirir a J. S. G. para que proceda á subsanación dos danos existentes no posto nº 7 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal.

TERCEIRO.- Advertir á interesada J. S. G. de que, en tanto en canto non se cumplan os requirimentos indicados nos apartados primeiro e segundo, non se poderá autorizar a transmisión do posto nº 7 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal solicitada.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ás interesadas, conserxes do Mercado Municipal e oficina de Tesourería.

D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDA CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2015

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 15.10.15, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para a contratación de auxiliares da Policía Local durante a tempada de verán-2015, que é como segue:

"PROPOSTA

Que en relación co convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, asinado o día 3 de agosto de 2015, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, no que se fai constar que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, cooperará na realización das actuacións a que se refire a cláusula primeira de dito convenio, mediante a achega máxima de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) e de conformidade coa documentación que consta no expediente.

Vista a documentación que consta no expediente, propoño á Xunta de Goberno Local:

** Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida, polo importe de SETE MIL EUROS (7.000,00 €), ao abeiro do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, asinado o día 3 de agosto de 2015, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, polo importe total de CATORCE MIL TRESCENTOS SETENTA E TRES EUROS (14.373,00 €), de conformidade co seguinte:*

• Que os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada é de CATORCE MIL TRESCENTOS SETENTA E TRES EUROS (14.373,00 €), segundo o seguinte desagregación:

- Salarios: 10.233,90 euros.*
- S. Sociales: 4.143,00 euros.*
- IRPF: 204,70 euros.*

Apelidos E Nome	DNI	XULLO S.B +S,S IRPF	AGOSTO S.B +S.S IRPF	SUMA
J. P. C. 78738159M	1.023,39 414,30 20,47	1.023,39 414,30 20,47	2.046,00 828,60	
J. M. P. 39452269R	1.023,39 414,30 20,47	1.023,39 414,30 20,47	2.046,00 828,60	

D. B. R. 36165306Z 1.023,39 414,30 20,47 1.023,39 414,40 20,47 2.046,00 828,60

M. J. B. D. 77012835° 1.023,39 414,30 20,47 1.023,39 414,30 20,47 2.046,00 828,60

A. M. M. 78739088Z 1.023,39 414,30 20,47 1.023,39 414,30 20,47 2.046,00 828,60

DATA RECONECIMIENTO NOMINA	28/07/2015	24/08/2015
PAGO DA NÓMINA	28/07/2015	24/08/2015

DATA RECOÑECEMENTO SEG.SOC.	24/08/2015	25/09/2015
	31/08/2015	30/09/2015

DATA RECONECIMIENTO E PAGO IRPF	06/08/2015	14/09/2015
---------------------------------	------------	------------

TOTAL POR MESES SALARIO
TOTAIS POR MES S.SOCIAL
TOTAL POR MES IRPF

SUMA SALARIOS	10.230,00
SUMA SEGURIDADE SOCIAL	4.143,00
SUMA TOTAL	14.373,00

• Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e os fondos se aplicaron para tal efecto, de conformidade coa documentación que consta no expediente e os salarios brutos con cargo ás partidas 2015/130-2014/131, e a Seguridade Social con cargo ás partidas 2015/130-2014/16000, e dándose cumprimento á finalidade para a cal foi concedida a axuda."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para a contratación de auxiliares da Policía Local durante a tempada de verán-2015.

E) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA S/SITUACIÓN DE CONTAS DE AQUALIA NO REXISTRO MERCANTIL

Dáse conta de proposta do día 21.8.15 do concelleiro de Fanceda, referente a situación de contas de AQUALIA no Rexistro Mercantil, que é como segue:

"PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: SOLICITUDE DE SITUACIÓN DE CONTAS DE AQUALIA NO REXISTRO MERCANTIL

Co fin de poder verifica o máximo posible as contas de AQUALIA que afectan o custo do servizo de auga a Cangas, ante a situación creada diante da subida da taxa, faise necesario coñecer en profundidade a situación económica da UTE que realiza o servizo no noso municipio, para ver que visos de solución ten o conflito creado.

Por iso, desde esta concellería propóñense as seguintes medidas, previo informe da existencia de fondos para o gasto correspondente, que se estima nunha cantidade de SETENTA EUROS (70,00 €).

1.- Solicitar do Rexistro Mercantil, a partires do mes de setembro, para que dea tempo a que rexistren as contas do exercicio 2014, os anos 2012, 2013 e 2014.

2.- Solicitar da xestora do servizo, os datos actualizados da contabilidade de 2015, para os efectos procedentes, a data mais actualizada posible 30/06/2015 ou posterior."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Facenda, referente a situación de contas de AQUALIA no Rexistro Mercantil.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente